



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE MELLORA NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE PALAS DE REI

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Palas de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Palas de Rei para o financiamento de obras de mellora no Centro de Día do Concello de Palas de Rei, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas usuarias desta.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Palas de Rei, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 30.11.2006, é titular dun inmovble, situado na rúa do Muiño s/n, no Concello de Palas de Rei, que actualmente alberga o Centro de Día deste concello, no que se atenden a un total de 20 persoas usuarias, e un aula multifuncional.





O referido inmovible, como consecuencia de diversas causas meteorolóxicas adversas sufriu un significativo deterioro, o que deu lugar a filtracións importantes, polo que dada a situación actual da edificación e o deterioro causado, resulta necesario proceder ao seu arranxo para, así, evitar danos maiores, e manter a prestación do servizo de Centro de Día e a aula multifuncional ao dispor das persoas usuarias destas instalacións.

Co fin de emendar as deficiencias detectadas nas instalacións do Centro de Día deste concello, resulta necesario levar a cabo as obras necesarias para emendar as deficiencias detectadas e que cómpre corrixir, en particular, no que atinxe ao aillamento na cubrición do edificio, obras de pladur e tratamento de humidades e pintura, entre outras.

Tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras descritas no devandito inmovible, o que permitirá ao Concello de Palas de Rei mellorar as condicións nas que se presta o servizo no devandito centro, proporcionando así unha mellor atención ás persoas usuarias deste, ofrecéndolles unha alternativa de convivencia que mantén ás persoas maiores no seu propio entorno, cun estilo de vida o máis semellante ao se ambiente habitual, e proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de emendar as deficiencias detectadas no Centro de Día do Concello de Palas de Rei, posibilitando unha mellor atención ás persoas usuarias deste, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Palas de Rei para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 34.000 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.





E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

